BASES DO XI PREMIO DE INVESTIGACIÓN "HUME" AS PONTES (2026)

Obxecto:
Os temas da investigación versarán sobre aspectos históricos, artísticos, industriais, políticos, filosóficos, sociolóxicos, arquitectónicos, etnográficos e do patrimonio cultural e natural do concello das Pontes de García Rodríguez ou colindantes.

Lingua:
Aceptaranse os traballos nas dúas linguas cooficiais, galego e castelán. No caso de que algún traballo estea escrito en castelán, a súa tradución ao galego para a súa posterior publicación, correrá a cargo do autor.

Destinatarios:
Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva.

Premios:
Concederase un primeiro premio de 2.000 €, un segundo premio de 1.000 € e un accésit de 200 €. Os traballos presentados, sexan premiados ou non, poderán ser publicados na revista Hume e pasarán a formar parte do fondo documental da asociación.

Condicións :
Os traballos deberán:

- Ser orixinais e inéditos, non premiados nin ter recibido mención noutros premios. Cada participante só poderá presentar un traballo por edición.
- Terán unha extensión entre 60.000 e 100.000 caracteres (con espazos incluídos), sen contar notas e bibliografía. O corpo do texto debe estar escrito en letra Times New Roman, tamaño 12, con espaciado posterior 6 puntos, intrelineado 1,5 e aliñación xustificada. As marxes a utilizar son: 2 cm superior, 2 cm inferior, 2,5 á esquerda e 2,5 á dereita. Todas as notas que o autor/autores consideren incluír irán ó final da páxina en Times New Roman, tamaño 9, espazado anterior e posterior 6 puntos, aliñación xustificada, entreliñado exacto 12 puntos, sen sangrado e indicadas en superíndices no contexto do traballo.

Envío:

Os traballos deberán ser entregados nun sobre pechado baixo pseudónimo ao seguinte enderezo: Secretaria da Asociación Hume: Rúa Alexandre Bóveda, s/n. Mercado Municipal 15320 - As Pontes. Nel incluirán outro sobre pechado que conteña os datos do participante/es: Nome, enderezo, teléfono...e tamén o currículum vitae dos participantes ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo... Deberase entregar orixinal en papel e copia en CD, en formato PDF e Word. As imaxes entregaranse tamén aparte e cunha resolución de 300 ppp.

Prazo de presentación:

Do 1 de xullo ata o 1 de decembro de 2026.

Xurado:

- O xurado que será nomeado pola xunta directiva da asociación, estará presidido polo presidente da asociación, e estará integrado por tres especialistas e un concelleiro ou funcionario da corporación municipal. Actuará de secretario e sen voto o secretario da asociación. O fallo do xurado, que será inapelable, farase público no mes de decembro de 2026 e será anunciado aos premiados e nos medios de comunicación.

- A entrega do premio e/ou dos accesit farase a primeiros do ano 2027.

- O premio poderase declarar deserto. Resérvase o dereito de cancelar o premio. Os imprevistos que poidan producirse serán resoltos pola asociación.

- As persoas premiadas deberán comunicar por escrito á asociación “HUME” a aceptación do Premio no prazo de oito (8) días naturais a partir da data de concesión do mesmo.
As obras premiadas poderán ser editadas pola asociación dentro do prazo dun ano; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento da súa publicación, se é do caso, deberán consignar a distinción concedida.

- Este premio é organizado pola asociación "HUME", en colaboración co Concello das Pontes de García Rodríguez.

- Para resolver dúbidas poden poñerse en contacto co seguinte enderezo: asoc.hume@gmail.com, ou no tfnos: 645599353-619950082

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F.